



Parlamento das Letras: Rosa Enríquez

Publicado o [24/10/2012](#)

Rosa Cigurria. Rosa Via XIX. Rosa soa na praia. Rosa nas aforas de si mesma. Rosa enraizando vexetal. Rosa devastando os vestíbulos. Rosa desobediente. Rosa universo Unicrom. Rosa Valdeorosa. Rosa papoulas de ironía. Rosa tenrura aceirada. Rosa delirio. Rosa de-xenerando. Rosa rota. Rosa invadida de hectáreas. Rosa atlas e mapamundi matricial. Rosa chaguanada e chaguazosa. Rosa incendio de lousas. Rosa periférica, transversa, apátrida e promátrida. Rosa escrita densa postlicuefacta. Rosa contra a idocia submisas. Rosa nívea en Naugach. Rosa aérea e liberta. Rosa india resistente. Rosa ninfa eléctrica, mecánica, automática. Rosa soror. Rosa políglota, omnímoda, abisal...

Rosa Enríquez.

Rosas de Rosa. Verbarrosas.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

O primeiro libro de poemas que publiquei, nun volume colectivo, foi *Nas aforas*, no 2006, tras recibir o Premio Francisco Añón. A partir de aí, contactei co editor de Espiral Maior, Miguel Anxo Fernán-Vello, quen, tras da lectura de *Vestíbulo da devastación*, fíxome saber que o publicaría. Este segundo poemario foi moi importante para min, polo que lle teño un especial cariño.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

Penso que o mellor valorado, até o de agora, foi *Desobediencia*. Non me gusta empregar o termo ben ou mal “tratado” porque penso que a crítica non ten que “tratar” nin ben nin mal, mais ofrecer unha valoración, argumentada, da obra que lle apetecer comentar. Entón, se a pregunta é que libro foi o menos valorado, responderei *Unicrom*. A crítica que del se fixo levoume a reflexionar moito sobre as posíbeis eivas da novela e, aínda que non en todo, comparto a visión de Eyré ao respecto de que os personaxes non posúen, talvez, a suficiente profundidade. A pesar disto, se se me preguntara a miña opinión sobre o “valor” do libro, diría o seguinte: non sendo eu escritora de novelas, considero *Unicrom*, malia os seus pequenos defectos, unha historia ben interesante para os/as adolescentes que, se cadra, debería terse máis en conta. En todo caso, isto non ocupa demasiado a miña mente, pois o meu interese está posto na poesía.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Non son especialmente maniática, mais se o silencio se interpreta como manía, pois si, necesito moito silencio e illamento para escribir.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Supoño que esa decisión non me compete a min, mais a unha crítica seria e atenta que teña as ganas de pasar o traballo de mirar as conexións —semellanzas estéticas, modos de sentir e interpretar o existente...— e diferenzas entre as poetas e os poetas dos últimos vinte anos.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

O que máis me complace é o feito de terme construído na máis absoluta das soidades, allea aos cenáculos.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Hai moitas escritoras e escritores que me interesan. Non son moito de facer listas, pero citarei dous poetas que me conmoven especialmente. De aquí, Chus Pato. De fóra, sempre Rilke.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Faría falla, creo, traducir moitas máis obras galegas a outras linguas. Así é que, consecuentemente, falta visibilidade e, nalgúns casos, sobran egos.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Talvez un ensaio?

—Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Estou ben orgullosa da nosa literatura, principalmente da poesía. Paréceme de gran calidade, por esa razón, fáiseme triste non dála máis a coñecer fóra da terra.